



► 17 Diciembre, 2014

Secretariado Xitano traballa por normalizar as demandas sociais da súa **comunidad**

DEPUTACIÓN. O ORGANISMO PROVINCIAL FINANCIA UN DOS PROGRAMAS FORTES DA FUNDACIÓN, PROMOCIONA, QUE ALBISCA GARANTIR O DEREITO BÁSICO Á EDUCACIÓN POR: NIEVES NEIRA FOTOS: XESÚS PONTE/ALBA CASTRO

A Fundación Secretariado Xitano nace nos anos 60 en Madrid co obxectivo de normalizar a situación da comunidade xitana, e con ese reto estende o seu labor por distintos lugares do Estado.

A delegación lucense, sede territorial para Galicia, iniciou a súa actividade no ano 2003 e hoxe traballan nela dez técnicos en diversos programas deseñados para cubrir as necesidades básicas da comunidade en materia de educación, traballo ou vivenda.

Destes diversos programas, Acceder e Promociona eríxense como os puntos máis fortes. O primeiro trata de «dotar aos xitanos de habilidades, coñecementos e cualificación necesaria para facilitar o acceso ao mercado laboral por conta allea», explica Manuel Requejo Arnejo, coordinador provincial da fundación. «Neste programa, as

accións formativas sempre están asociadas a unhas prácticas, xa que estas son a mellor maneira de valorar ás persoas como traballadoras», engade.

Os resultados desta iniciativa, en cifras, supoñen unha inserción laboral de entre 50 e 55 persoas ao ano, cunha media de 76 días por contrato, cifras que a fundación traballa por incrementar xa que, segundo Requejo, «aínda queda moito por facer».

O segundo programa insignia, Promociona, xurdíu a partir da percepción de que moitos dos participantes de Acceder carecían dos estudos básicos e da grande porcentaxe de analfabetismo dentro da comunidade, e púxose en marcha no ano 2012, a raíz do financiamento da Deputación de Lugo, que este ano concedeu un importe de 10.000 euros para impulsalo.

«O seu obxectivo é a normali-



Mesa informativa sobre o Secretariado Xitano.

zación educativa da comunidade xitana, traballando coas familias, centros educativos e nenos, e en ocasións tamén con outros axentes, como os Servizos Sociais»,

conta Requejo. Hoxe 20 alumnos sen absentismo escolar e sen adaptación curricular participan nel, coa implicación das familias e de 15 centros educativos da cidade.

PROGRAMA

DATOS

Página web ► www.gitanos.org

Enderezo ► Ronda do Carme, 50, C, 27004.

Teléfono ► 982 26 54 23

Correo electrónico ► fsglugo@gitanos.org

ALGUNAS CIFRAS EN LUGO

2014 ► A Fundación formou a 92 xitanos, con 16 accións finalistas concibidas como ponte ao mercado laboral. En total, 15.348 horas de formación e 9.315 horas de prácticas.

Contratos ► Cada ano, a fundación consegue a inserción laboral de 50-55 xitanos, cunha media de 76 días por contrato. Nos anos anteriores á crise, a media era de 70-75 contratos anuais.

Muller ► 23 mulleres participan no programa de inserción laboral Sara Romí.

Ata agora ► A sede lucense atendeu na súa traxectoria a 513 xitanos.

MANUEL REQUEJO ARNEJO COORDINADOR PROVINCIAL FSG LUGO

«El Payo Today dálle a volta ao estigma mediático sobre os xitanos»



grar a inserción laboral da comunidade xitana?

Existen unha serie de estereotipos e prexuízos que dificultan o acceso ó mercado de traballo normalizado. A comunidade non goza desa rede do boca a boca que lles poda dar coñecemento dunha oferta e o acceso á mesma. Se a isto sumamos que non se moven moitas ofertas de traballo, a cualificación baixa e a pouca experiencia laboral que teñen as persoas xitanas, a desigualdade é moi alta entre o que pide o mercado laboral e o que pode ofrecer unha persoa xitana. Nós

tratamos de establecer pontes, de salvar esa desigualdade para que a comunidade xitana poda acceder ao mercado laboral en igualdade de condicións.

Leva a cabo a Fundación algún tipo de actividade de difusión da cultura xitana?

Tivemos unha colaboración co Leiras Pulpeiro o día 8 de abril, que é o Día Internacional do Pobo Xitano, constituído en Londres no ano 1972, cando tamén se elixiu a bandeira e o himno. Todos os 8 de abril faise esta celebración. A nosa mediadora, Irene, foi dar unha

charla no IES Leiras Pulpeiro, e instalouse alí unha exposición sobre a vida dos xitanos en Lugo e na provincia. O 27 de xuño tamén temos unha xornada de portas abertas, na que damos a coñecer o noso traballo como fundación e os distintos programas que temos. Ademais, respondemos a calquera cuestión sobre cultura xitana.

Cal é o estigma que máis dificulta a integración?

Poderíase falar de moitos, pero penso que é precisamente a idea de que os xitanos non queren integrarse. Tal vez hoxe, no século XXI, non deberíamos falar máis de integración e si de convivencia.

Como funcionan os medios de comunicación como reforzadores de prexuízos?

Moitas veces se fala da etnia cando non é necesario. Se hai unha pelexa, é unha pelexa entre persoas, non se ten por que dicir que son xi-

tanos. Desta maneira, o que fai un extrapólase a toda a comunidade, tómasa a parte polo todo. Este tipo de noticias afectan ao traballo que facemos, e supoñen unha barreira. Para sensibilizar aos medios neste sentido vimos de lanzar unha publicación, que se chama El Payo Today, e pode verse en internet (www.payotoday), onde tratamos precisamente de darlle a volta a eses prexuízos.

Como afectou a crise á comunidade xitana?

De moitas maneiras. Habería moitos exemplos que nomear, como a demora entre a solicitude do Risga e a súa percepción, o prezo dos libros de texto... Xa antes da crise, os xitanos e xitanas ocupaban os postos máis baixos dentro do mercado laboral, e a crise trouxo consigo o paro desta xente. A redución dos dereitos sociais afecta de cheo aos máis vulnerables.

Manuel Requejo Fernández loita cada día pola normalización da comunidade xitana dende o seu posto de coordinador provincial da Fundación. **Cal é a maior dificultade para lo-**